

**ACTA 15/20**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 2 DE NOVEMBRO DE 2020 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas do día 2 de novembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Argibay da Silva

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

**Arquitecto:** D. Ignacio Soto González

**Secretaria:** D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS**

**2. ACEPTACIÓN DE CESIÓNS DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIOS**

### **3. TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO 16/2020**

### **4. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

### **5. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19/10/2020 SOBRE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. MANUEL LEÓN LÓPEZ**

### **6. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO**

### **7. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

### **8. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

#### **1.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outórganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

**1.1.- A JESÚS PAZ SIXTO**, licenza para segregación (dúas parcelas) dunha finca situada en Eio dos Menecos, Polígono 507, Parcela 240, R.C.: 15083B507002400000SB, segundo proxecto redactado polo técnico Andrés Fernández Couce.

Expediente núm: **46/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 7 de maio de 2020 (rex. entrada núm. 202099900000379), “Proyecto de parcelación urbanística” redactado polo técnico Andrés Fernández Couce.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Resto finca matriz	Parcela 1	Cesión
Ordenanza de aplicación	N2	N2	N2	N2
Superficie mínima	600 m <sup>2</sup>	869,78 m <sup>2</sup>	766,80 m <sup>2</sup>	113,81 m <sup>2</sup>
Fronte mínimo	14 m	30,75 m	31,84 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, dunha superficie de 113,81 metros cadrados, asinado polos interesados.

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

**1.2.- A LUIS IGLESIAS VILLAR**, en representación de **CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA S.L.**, licenza para segregación (cinco parcelas) dunha finca situada en Vilar de Calo, 23, Calo, R.C.: 15083A050000260000LG, segundo proxecto redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira.  
Expediente núm: **47/2020**

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 6 de outubro de 2020 (rex. entrada núm. 202099900001643), “Proyecto de parcelación” redactado polo arquitecto David Fernández Nogueira, con data de visado 06.10.2020.

-Terase que ter en conta a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento recollida no artigo 150.5 da Lei do Solo de Galicia.

-As parcelas resultantes son:

	PXOM	Parcela 1	Parcela 2	Parcela 3	Parcela 4	Cesión
Ordenanza de aplicación	U4	U4	U4	U4	U4	U4
Superficie mínima	200 m <sup>2</sup>	605,30 m <sup>2</sup>	513,15 m <sup>2</sup>	512,45 m <sup>2</sup>	466,25 m <sup>2</sup>	128,90 m <sup>2</sup>

Fronte mínimo	6 m	9,89 m	17,30 m	34,09 m	18,60 m	
---------------	-----	--------	---------	---------	---------	--

	PXOM	Parcela 5	Cesión
Ordenanza de aplicación	U3	U3	U3
Superficie mínima	600 m <sup>2</sup>	792,35 m <sup>2</sup>	52,60
Fronte mínimo	14 m	28,42 m	

-Figura no expediente documento de cesión gratuíta a favor do Concello de Teo, asinado por M<sup>a</sup> Mercedes González Raña, Adolfo Díaz González e Carlos Díaz González.

**- A eficacia da licenza condiciónase á inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello dos terreos sitos fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, segundo o establecido nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.**

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,00 €.

#### **LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.**

**1.4.-** Visto que na licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de setembro de 2020, expte. 39/2020, a **FLAVIO SEIJAS NAYA**, para construción dunha vivenda unifamiliar en Fixó, nº 13, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508006420000SM, segundo proxecto redactado polo arquitecto Iago Rodríguez Valcárcel, existe un erro en canto ao presuposto de execución material e á correspondente liquidación.

Na citada licenza recóllese o seguinte:

“-Presuposto: 168.556,20 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.371,12 €.

-. Taxa pola expedición de licenza urbanística: 139,22 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 3.630,34 euros.”

Cando o correcto sería:

“-Presuposto: 225.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4.500,00 €.

- Taxa pola expedición de licenza urbanística: 175,26 €.
  - Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 4.795,26 euros.”

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.**- Rectificar o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de setembro de 2020, de xeito que **onde pon:**

- “-Presuposto: 168.556,20 €.
- Apróbanse as seguintes liquidacións:
- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.371,12 €.
  - Taxa pola expedición de licenza urbanística: 139,22 €.
  - Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 3.630,34 euros.”

**debe poñer:**

- “-Presuposto: 225.000,00 €.
- Apróbanse as seguintes liquidacións:
- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4.500,00 €.
  - Taxa pola expedición de licenza urbanística: 175,26 €.
  - Cartel indicador: 120,00 €.
- Total: 4.795,26 euros.”

**Segundo.**- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

## **2.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO LICENZA 29/2020**

Escrito presentado por Breixo Reymondez Rúa, en data 22 de outubro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202099900001774, no que solicita a aceptación da cesión dos terreos para a regularización do viario, correspondentes coa licenza urbanística 29/2020, xuntando escritura pública de data catro de marzo de 2020, do notario José Manuel Amigo Vázquez, na que se recolle a cesión.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020, a Breixo Reymondez Rúa e María Martínez Rodríguez, para obras de construción dunha vivenda unifamiliar, en Regoufe, nº 141, parroquia de Luou, R.C.: 15083A501108890000KM, (Expte. electrónico 2019/U022/000029), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figura na escritura de cesión presentada.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 504,00 metros cadrados.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.**- Aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de marzo de 2020, do notario José Manuel Amigo Vázquez, dunha superficie de 504,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 29/2020.

**Segundo.**- Deberá procederse polas persoas interesadas a inscribir no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo a cesión da superficie descrita, debendo presentarse neste a documentación acreditativa da citada inscrición. Ata que dita documentación sexa presentada no concello e se lle de o trámite oportuno, manterase condicionada a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020 (Lic. 29/2020).

**Terceiro.**- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

### **3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO:**

#### **3.1.- LICENZA 16/2020**

Escrito presentado por Juan Carlos Vilariño Santos, en representación de Manuel Rivadulla Mosquera, en data 13 de outubro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202099900001683, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de agosto de 2020.

Vista a licenza concedida, por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 605/2020), de data 2 de xullo de 2020, a Manuel Rivadulla Mosquera, para agrupación e posterior segregación (cinco resultantes) das parcelas con referencia catastral núms. 15083B503051360000SK e 15083B503054080000SB, situadas en Casaldomiro, 33, parroquia de Recesende (Expte. electrónico 2020/U018/000010), coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polo promotor.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 183,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, as seguintes fincas:

Porción de terreo -denominado lote 4- de Casaldomiro, Recesende, dunha superficie de cento corenta e un metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 965, libro: 376, folio 67, data: 1 de outubro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001124721.

Porción de terreo -denominado lote 5- de Casaldomiro, Recesende, dunha superficie de cento e dous metros cadrados. inscrición: 1ª, Tomo: 965, libro: 376, folio 68, data: 1 de outubro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001124738.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de dez de xullo de 2020, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 7 de xaneiro de 2020, expte. 2/2020.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida por resolución da concelleira delegada de urbanismo (res 605/2020), de data 2 de xullo de 2020, a Manuel Rivadulla Mosquera, para agrupación e posterior segregación (cinco resultantes) das parcelas con referencia catastral núms. 15083B503051360000SK e 15083B503054080000SB, situadas en Casaldomiro, 33, parroquia de Recesende (Expte. electrónico 2020/U018/000010).

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

### **3.2.- LICENZA 23/2019**

Escrito presentado por Ramón González Paz, en data 23 de outubro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 202000000005216, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21 de setembro de 2020.

Vista a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xullo de 2019, a Lucía Señoráns Rivas para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada (Expte. electrónico 2019/U022/000011), en rúa Muiño de Mondelo, nº 1, Ameneiro, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508016430000SF, coa condición, entre outras, de inscribir no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado pola promotora.

A cesión correspondente concrétase nunha superficie de 87,00 metros cadrados

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo sito na zona de concentración parcelaria de San Juan de Calo, Ameneiro, dunha superficie de oitenta e sete metros cadrados. inscrición: 2ª, Tomo: 959, libro: 373, folio 179, data: 15 de outubro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001122246.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de sete de outubro de 2019, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, na que se recolle a cesión, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 15 de xullo de 2019, expte. 23/2019.

**Segundo.-** Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de xullo de 2019, a Lucía Señoráns Rivas para obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada (Expte. electrónico 2019/U022/000011), en rúa Muiño de Mondelo, nº 1, Ameneiro, parroquia de Calo, R.C.: 15083B508016430000SF.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.-** Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

#### **4.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

**4.1.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001354 do 09/09/2020).**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 23 de outubro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA CONCELEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001354), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dun paso aéreo-subterráneo e unha rede de baixa tensión subterránea de 28 metros de canalización, en Sebe, 51 C, Cacheiras (S.G.D.: 618520020134).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*



*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (1.200,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5231 de 23/10/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-30/2020) para execución dun paso aéreo-subterráneo e unha rede de baixa tensión subterránea de 28 metros de canalización, en Sebe, 51 C, Cacheiras (S.G.D.: 618520020134), de acordo co solicitado con data de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001354).

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro.**- Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-30/2020) para execución dun paso aéreo-subterráneo e unha rede de baixa tensión subterránea de 28 metros de canalización, en Sebe, 51 C, Cacheiras (S.G.D.: 618520020134), de acordo co solicitado con data de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001354).

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

**4.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001355 do 09/09/2020).**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 23 de outubro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001355), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dunha conexión á rede de baixa tensión subterránea existente e 7 metros de canalización, en A Póboa, 22, Cacheiras (S.G.D.: 618520070185).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalacións de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (350,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5228 de 23/10/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-31/2020) para execución dunha conexión á rede de baixa tensión subterránea existente e 7 metros de canalización, en A Póboa, 22, Cacheiras (S.G.D.: 618520070185), de acordo co solicitado con data de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001355).*

**Segundo.**- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:

**Primeiro.-** Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-31/2020) para execución dunha conexión á rede de baixa tensión subterránea existente e 7 metros de canalización, en A Póboa, 22, Cacheiras (S.G.D.: 618520070185), de acordo co solicitado con data de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001355).

**Segundo.-** Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

**4.3.-** PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900001405 do 15/09/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 23 de outubro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 15 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001405), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para execución dunha rede de baixa tensión subterránea e 3 metros de canalización, en Fixó, 73, Calo (S.G.D.: 218319110230).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outórganse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outórganse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 5230 de 23/10/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2020) para execución dunha rede de baixa tensión subterránea e 3 metros de canalización, en Fixó, 73, Calo (S.G.D.: 218319110230), de acordo co solicitado con data de 15 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001405).*

**Segundo.**- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro.**- *Outorgar a Ana María Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-34/2020) para execución dunha rede de baixa tensión subterránea e 3 metros de canalización, en Fixó, 73, Calo (S.G.D.: 218319110230), de acordo co solicitado con data de 15 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001405).*

**Segundo.**- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.*

**4.4.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.** (rex. entrada nº 202099900001460 do 18/09/2020).

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 16 de outubro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Roberto Ojinaga Goitia, en representación de R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A., de 18 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001460), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para levar a cabo obras de acometida de telecomunicacións, nun treito na rúa Cascandelo, entre a N-550 e a vivenda nº 4 (56,4 m.).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de telecomunicacións son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de telecomunicacións supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (2.800,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 202000000005058 de 15/10/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo co Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo*

**Primeiro.**- *Outorgar a Roberto Ojinaga Goitia, en representación de R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-36/2020) para levar a cabo obras de acometida de telecomunicacións, nun treito na rúa Cascandelo, entre a N-550 e a vivenda nº 4 (56,4 m.), de acordo co solicitado con data de 18 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001460).*

**Segundo.**- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto do 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro.**- ***Outorgar a Roberto Ojinaga Goitia, en representación de R, CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-36/2020) para levar a cabo obras de acometida de telecomunicacións, nun treito na rúa Cascandelo, entre a N-550 e a vivenda nº 4 (56,4 m.), de acordo co solicitado con data de 18 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 202099900001460).***

**Segundo.**- ***Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.***

## **5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL EN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19/10/2020 SOBRE DEVOLUCIÓN DE AVAL A D. MANUEL LEÓN LÓPEZ**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 27 de outubro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada en data por D. Manuel León López, de devolución da garantía de obra de reparación de canalización soterrada de auga baixo estrada en Solláns 48 Calo.

Visto o informe do técnico municipal, de data 05/10/2020, segundo o cal procede a devolución da fianza.

Visto o acordo da XGL de data 19/10/2020 que autorizaba a cancelación do aval por importe de 138,23€.

Visto o informe da intervención municipal, emitido en data 27/10/2020, favorable á devolución e no que se pon de manifesto un erro material no importe do aval, sendo o importe correcto de 300€.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro**.- Correxir o erro material, de xeito que se autorice a cancelación da garantía constituída por D.Manuel León López para obra de reparación de canalización soterrada de auga baixo estrada en Solláns 48 Calo, polo importe correcto de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

**Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.”.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro**.- Correxir o erro material, de xeito que se autorice a cancelación da garantía constituída por D.Manuel León López para obra de reparación de canalización soterrada de auga baixo estrada en Solláns 48 Calo, polo importe correcto de **300,00€**, devolvéndoselle a citada fianza ao interesado.

**Segundo**.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

## 6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 20 de outubro de 2020 que se recolle a continuación:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 11/03/2020 no rexistro de entrada con nº 438 por D. Carlos Rodríguez Puente, pola cal solicita que se bonifique a cota tributaria do ICIO correspondente á obra de instalación de un ascensor na rúa Castiñeiro 7 de Os Tilos debido a un cambio no orzamento.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto en data 19/10/2020.

Considerando o disposto no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO e no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, vixentes no concello.

**PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalación de un ascensor na rúa Castiñeiro 7 de Os Tilos co seguinte resumo:

Base imponible:82.500€

Tipo de gravámen:2%

Cota íntegra:1.650€

**Bonificación:10%=165€**

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.”.

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decreto de 3 de xullo de 2020 (res. 622/2020)), acorda:**

**Primeiro:** Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalación de un acensor na rua Castiñeiro 7 de Os Tilos co seguinte resumo:

**Base imponible: 82.500€**

**Tipo de gravámen:2%**

**Cota íntegra:1.650€**

**Bonificación:10%=165€**

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

## **7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz